

# Política de Responsabilidade Social Corporativa (RSC)

Versión 1  
Xuño 2022  
Público



# Política de Responsabilidade Social Corporativa (RSC)

## Contexto, obxectivo e ámbito de aplicación:

Bureau Veritas está firmemente comprometida coa **Responsabilidade Social Corporativa (RSC)**, a cal encóntrase de forma intrínseca nos nosos absolutos e valores fundamentais formando parte do noso ADN.

A Política de RSC de Bureau Veritas España e Portugal, en adiante Bureau Veritas SWE, fundaméntase nas políticas, códigos, principios e valores corporativos de Bureau Veritas. Establece un marco común de actuación para un comportamento responsable co obxectivo de establecer accións orientadas á consecución dun desenvolvemento sostible, mediante a xestión e incorporación de compromisos ambientais, sociais e de bo goberno con tódolos seus grupos de interese, en coherencia coa estratexia financeira da compañía.

Esta política aplica a tódalas liñas de negocio e delegacións de Bureau Veritas SWE.

## Estratexia:

A RSC en Bureau Veritas SWE está impulsada e materializada por un comité consultivo, designado pola Alta Dirección, constituído por unha representación de cada unha das áreas e entidades operativas da organización e liderado por unha persoa do Comité Executivo.

A planificación, as medidas e accións de implementación e desenvolvemento desta política recóllense no Plan Director de RSC Bureau Veritas SWE, onde tómanse en consideración tanto as cuestións internas e externas para a definición do contexto, coma as necesidades e expectativas das partes interesadas para detectar os riscos e oportunidades que son precisos abordar.

O obxectivo destas actuacións é o de asegurar que o sistema de xestión da organización resulte responsable e sostible, e poidanse logralos resultados previstos, aumentálos efectos desexables, reducir ou prever os non desexados e consolidar a mellora continua, no marco do cumprimento da normativa vixente e outros requisitos que poidan ser de aplicación.

## Os nosos compromisos cos principais grupos de interese:

A través do noso alineamento aos Obxectivos de Desenvolvemento Sostible das Nacións Unidas e aos Principios do Pacto Mundial, ao que estamos adheridos a través da Rede Española do Pacto Mundial, queremos que Bureau Veritas SWE sexa un grupo de empresas responsables en España e Portugal comprometidas coa xestión de impactos dende o seu triple balance económico, ambiental e social.

Bureau Veritas SWE pon desta forma en práctica diferentes compromisos cos seus grupos de interese co fin de traballar os criterios ambientais, sociais e de bo goberno, xestionados de maneira máis concreta nas súas diferentes políticas, procedementos, códigos e acordos, consolidando o noso propósito de *Construir un Mundo de Confianza*:

- **Persoas traballadoras:** a innovación, o benestar, a diversidade, a igualdade, a inclusión, a ética empresarial, a independencia, a imparcialidade, a confidencialidade, a integridade, a seguridade, a saúde, o benestar e a formación son elementos claves na nosa cultura empresarial, e permítenos desenvolver a nosa actividade alineando os valores da empresa cos valores das persoas que forman parte de Bureau Veritas. As persoas que

integran Bureau Veritas conforman a nosa esencia. A etnia, color, diferencias visibles, relixión, xénero, patrimonio, estatus socioeconómico, idade, orientación sexual, estado civil, condición médica, discapacidade, opinión política ou identidade de xénero aumentan a nosa riqueza fomentando e construíndo un entorno de colaboración que permita desenvolver unha creatividade continua e que axúdanos a impulsar a nosa estratexia de empresa.

- **Sociedade:** dende a visión do triple balance e coma empresa *Bussiness to Bussines to Society*, entendemos que os nosos impactos tanto directos coma indirectos deben ser xestionados, medidos e avaliados, buscando a mellora continua, non só a través das nosas accións, produtos e servizos, senon a través dos valores que definenos.
- **Cientes, sector, mercado e competencia:** a calidade, a excelencia, a innovación, a inclusión, a independencia, a imparcialidade, a confidencialidade e a integridade, coma elementos base da confianza, xunto coa transparencia e a diversidade, supoñen o pilar das nosas actuacións e servizos cos que dar resposta ás necesidades e intereses dos nosos clientes.
- **Medio ambiente:** o control dos impactos ambientais supoñen unha peza clave para o noso futuro e o do noso Planeta. Por elo, é esencial consolidar tódalas directrices vinculadas á protección do medio sinambiente, incluíndoas na nosa estratexia, promovendo a xestión responsable dos recursos, a conservación da biodiversidade e a mitigación do cambio climático, así coma a consolidación de accións que reduzan ó mínimo calquer impacto ambiental optimizando a súa vez a eficiencia das nosas actividades.
- **Goberno e autoridades públicas, organismos de acreditación e autoridade competente, bancos:** coma líder mundial en servizos de ensaios, inspección e certificación, a excelencia, a transparencia, a independencia, a imparcialidade e a integridade, así coma o cumprimento da normativa e lexislación aplicable, unha fiscalidade responsable e unhas vías de comunicación sólidas, constitúen uns elementos claves nas nosas operacións que achégannos e permiten asegurá-la sostenibilidade e o futuro do noso negocio.
- **Socios comerciais, contratistas, provedores, intermediarios de venda, empresas conxuntas e outros colaboradores:** no cumprimento e apoio dos dereitos humanos, os principios laborais, a seguridade e a saúde no traballo, a loita contra a corrupción e a protección do medio ambiente constitúen prioridades nas nosas actuacións a tódolos niveis. Comprometidos, polo tanto, cos nosos impactos e fortalecendo a responsabilidade das nosas accións a través das nosas relacións comerciais e a cadea de suministro fomentamos as boas prácticas e as compras responsables.

## Comunicación e diálogo:

A transparencia coma principio constituínte da RSC, reforzo do noso absoluto de ética e dos nosos principios de confianza e responsabilidade, maniféstase a través da difusión das nosas prácticas mediante diversas ferramentas de reporte, as nosas políticas, procedementos, códigos e acordos, e coa publicación anual da nosa memoria de sostenibilidade, dispoñible nas nosas webs ([España](#) y [Portugal](#)), accesible a tódolos nosos grupos de interese.

## Aprobación:

Esta Política de Responsabilidade Social Corporativa, elaborada polo Comité de RSC e Sostenibilidade, foi aprobada polo Comité Executivo de Bureau Veritas SWE, na súa sesión de 8 de xuño de 2022, entrando en vigor nesta mesma data.

Bertrand Martin

Presidente Executivo Bureau Veritas SWE